

# O PORVIR DO GALEGO

DOI: 10.17057/fmfhv.2021.008

Texto inédito, conservado en dúas copias mecanografadas con emendas do autor. Datable arredor de 1952, mais concluído en 1954 a petición de Ramón Otero Pedrayo, que o recibe en man no mes de agosto. Arquivo familiar.



Fálase da vida das linguas, do seu orixe, das súas loitas, do seu porvir<sup>1</sup>. En moitos casos, estes e outros ditos parecidos non teñen máis que unha sinificación figurada. Pasamos ás linguas as esperencias que temos dos seres vivos. Está ben feita a comparanza da renovación continua dunha lingua coa renovación dun bosque por outonos e primaveras. Pero pra que resulte xusta, debemos ter en conta que os renovos do bosque son sempre distintos e sempre os mesmos e unha lingua non torna nunca a ser igual á si mesma.

As linguas non son seres vivos rexidos por leises inmanentes de proliferación, crecemento e morte dentro de tipos específicos predeterminados por leises de cruces e de herencias. Deixando á parte os orixes do linguaxe, as linguas preséntanse no seu proceso histórico en forma de institucións (Saussure, Meillet). Son independentes de cada individuo, pero non viven fora da comunidade, por non seren cousas sustantivas de seu.

Unha lingua non ten comenzo nin fin, se queremos falar con propiedade. No máis íntimo do seu ser está o cambio, a mutación libre, fora de toda liña específica.

Supoñendo algo que hoxe non pode sere, como é o arredamento total dunha comunidade humana aborixe, non se pode concebir a súa lingua sin ter sufrido moitas alteracións ó cabo dos anos. Os medios de aprensión e trasmisión dunha lingua son suxetivos, tanto polo que se refire á súa sinificación como polo que

---

<sup>1</sup> «O porvir do galego» consérvase en dúas copias mecanográficas —unha parece copia da outra con papel carbón—, unha delas aparece rachada en diversos folios (1, 3, 5 e 6), conservándose destes só unha metade. Sobor desta copia rachada fixera o A. algunhas correccións, aínda que se atopan tamén algunhas na derradeira páxina da conservada enteira. Atópase, tamén, un folio manuscrito onde o A. ameceu algunhas frases. Chamo 1ª copia o texto non corrixido e 2ª copia, o corrixido. Non dou conta das correccións feitas polo A. nos acentos e nas comas. As observacións feitas sobre o texto da primeira obra valen tamén para esta segunda que se debeu facer polo ano 1952 tendo en conta a primeira. Manteño o texto do A. coa corrección de «primaveira» en «primaveras» en dúas ocasións e coa conversión —na derradeira volta do seu emprego— de «expresión» en «espresión» (p. 10), xa que A. corrixira esta palabra un pouco antes e quedaría, se o non fixera, como o único testemuño desta forma [*Nota do editor*].

se refire á súa forma material. Sinos e sinificados non son equivalentes senón hasta certo punto ó pasar de individuo a individuo e de xeneración á xeneración. Os fillos non reproducen nunca con xusteza a linguaxe dos pais. As alteraciós que se van sucedendo nunha sociedade pola acumulación de esperencias, novos xiros de sensibilidade, modas, cortesías e cambios de modos e maneiras de sere, todo ven reflexado pola lingua, xa cambiante de seu, que ó cabo dos anos —de moitos anos— acaba por separarse do seu orixe e por dividirse en linguas comarcals<sup>2</sup> separadas unha das outras.

Pero as comunidades históricas e as súas linguas non tiveron este orixe. Son resultado, unhas veces, de amoreamentos de comunidades máis pequenas, coma no caso do Imperio Romano e dos estados renacentistas, aínda en proceso de formación, e de esmigallamentos políticos outras, como acontecéu na derradeira decadencia deste mesmo Imperio e noutros moitos casos.

Un instrumento tan sensíbele como é a lingua chega nas dúas situacións ás alteraciós máis fondas. A maior parte das comunidades humanas hoxe conocidas, sin descontar Galicia, trocaron de lingua unha ou máis veces, sin que o proceso se poida dar por rematado.

No caso de dispersión política, a lingua que foi expresión da unidá, a lingua común, acusa de seguida o fenómeno, aínda que<sup>3</sup> de moitos xeitos. A razón de que así seña é que as condicións que se dan nunha escisión política non se repiten noutra e, polo tanto, as consecuencias lingüísticas son sempre novas.

Non hai que pensar, polo pronto, que á unha escisión política corresponda pé por pé unha escisión lingüística, pola mutación da lingua común, uniforme, en tantas variantes como unidás políticas se formen. Nin se dá o caso dunha lingua común sin variantes nos grandes amoreamentos políticos, nin éstas nacen de seu coa división política.

A lingua común chámase así porque se superpón ás variantes lingüísticas escondidas por debaixo da súa uniformidá. Estas variantes rexurden tan axiña como a lingua común deixa de ser expresión dunha comunidade política que se escinde e afóndase logo máis ou menos, según a forza que teñan os sentimentos ou resentimentos patrióticos de calquera clas que sigan mantendo.

---

<sup>2</sup> comarcals] comarcales. 1ª copia.

<sup>3</sup> aínda que] pero. 1ª copia.

O que desaparece sempre é a lingua común como tal, trátese da coiné alexandrina ou do latín imperial.

Nesta ladeira histórica é onde deixamos estudiado o pasado do galego, dentro das circunstancias que puidemos precisar. O futuro parece que hai que albiscalo dende a ladeira oposta. Nas esperencias lingüísticas dos amoreamentos das pequenas comunidás.

Non podemos figuralo noutras circunstancias que nas que nel veñen operando desde fai cinco centos de anos e levan camiño de seguir en pe. Deixámolas sinaladas atrás, pro volvémoslas á repetir pra espoñer por enteiro o proceso.

Nunha comunidá limitada non pode haber un comprido desenvolvemento se non é sobre a base de relacións de todo xénero coas comunidás veciñas, pasando dunha mau pra outra os tesouros das esperencias que sinifican as culturas dispersas<sup>4</sup> que estamos sempre á xuntare. Neste labor de parcería, un dos parceiros é o que leva a dianteira, pola súa situación xeográfica, pola súa forza económica, polo seu sino expansivo, polo que queira, e a súa lingua tórnase a divisa común deste comercio civilizador ó que non cabe cerrar as portas.

A sorte de avanzado na parcería da cultura hispánica caéulle a Castilla, despois de ter pasado por Galicia e Cataluña, por demáis cerradas sobre si, nun preito en que pararse e tornar atrás, como saben os ascetas.

O proceso foi distinto según os tempos e está moi lonxe aínda de ser cumprido. Hasta os nosos días poderíase resumir decindo que o castellano foi avante, representando o desenvolvemento histórico da Edá Moderna e que o galego se estancou na expresión da vida rural, a onde aquél non chegaba, pero da que un día ou outro acabará por salir Galicia.

A partir do XIII, Castilla érguese coa hexemonía política. A lingua medra ó compás do imperio e vai cara a fixación literaria en códigos, historias, libros de recreo, cartas forales e toda clas de documentos. Siguen algún tempo os escritorios galegos dos mosteiros, concellos e catedrales, pero non todos. Cos grandes dinatarios de Castilla, que fan uso nos seus documentos da lingua da corte, van desaparecendo pouco a pouco e os que quedan van dando entrada ós novos formularios diplomáticos. Hai quen quere competir co castellano e tenta reforzalo

---

<sup>4</sup> culturas dispersas] culturas e. 1ª copia.

galego con traducións como as das *Sete Partidas*, *Os Milagres de Santiago*, a *Crónica Troyana*. Pero os feitos iban de presa. Calaba a lírica dos Cancioneiros. Aparecía a cortesana italianizante. Os dirixentes políticos eran todos cortesanos. Móntanse en Galicia por todas partes colexios renacentistas pra as minorías dereitivas. As máis escollidas van a Salamanca e Alcalá, onde se gastan xenerosamente as mellores enerxías de Galicia. A ensinanza renace nos mosteiros reformados; pero estes abandonaron as aldeas, en xeneral, e ademáis están rexidos por abades de outras terras e únense ó movemento castellanizante, ben apartados tras das altas cercas.

Despóis de todo eso, aparece, como é natural, unha minoría bilingüe que usa do castellano na súa función dereitiva e do galego nas súas relacións íntimas con criados e caseiros. A lingua do país queda desta maneira reducida á expresión da vida tradicional, arcaica e mínima, que está fora das correntes vivas. A lingua da Eirexa e do Estado, a lingua de toda vida superior, dirixida polos señoríos, é o castellano. Sólo cando se supón que a Galicia labrega debe formar no coro dalgunha representación aparece o galego escrito. Pero nestes mesmos casos, por de máis contados, sigue sendo a lingua labrega, na que non caben máis que as angueiras do diario vivir ó raso dos sucos.

Sin poñer na expresión ningunha intención de revengueita, sabendo ben que as cousas sucederon así porque así eran os tempos, debemos dicir que o réxime de Galicia era o que máis se lle podería parecer a un réxime de colonia. Sin industria nin comercio, traballando terras sobre as que pesaban arrendos encadeados e amontoados os us sobre os outros, non cabía outra redención que a de chegar ó pe do altar falando castellano. Se había sorte, viña unha prebendiña e tras dela o subarrendo do foro de algunha ermida ou mosteiro abandonado para redimir os irmaos e sobriños. Estes, andando os anos, se se arrimaban a un bon padriño, podían chegar a unha estreita fidalguía pra a casa. Todo esto por verdadeiro milagre.

Os grandes dinatarios, no entanto, facían o que mellor sabían. Remediaban no que estaba na súa mau as grandes fames que se abatían sobre Galicia e levantaban as grandes eirexas e pazos que nos deixaron como herdanza, espello mentiroso dunha prosperidá que non conoceron os nosos antepasados.

Outra cousa sucede cando se chega a abrir a carretera de Madrí á Cruña. Chega por ela á Castilla un mar de labregos de Galicia e chega de Astorga e de

León o primeiro comercio de verdá que tivemos, o que agatuñou polas montañas, por vilas e aldeas, por feiras e feirós.

Foi este un momento de gran actividá lingüística. Nos vellos tempos —do XV ó XVIII— aparte a aparición da minoría bilingüe de que xa falamos, non sabemos hasta que punto puideron remover a tradición lingüística de Galicia as farándulas do teatro de Castilla, que non marraban nunca por Corpos. Este teatro pasaba das vilas<sup>5</sup> ás aldeas, á cargo de xente do país, reducido<sup>6</sup> á danzas, disputas e figuras<sup>7</sup>. Unha<sup>8</sup> parte do folklore de hoxe quizaves proceda dos autos, entremeses e farsas de Castilla, así como moitas palabras, entre as que quixéramos anotar as de *trasno*, *coca*, *cigarrón*, *irrio*, *demachiño*, *mázcara*, nacen entón<sup>9</sup>.

O sistema da lingua penso que non se alterase gran cousa.

A partir do XVIII deu cabo de sí esta situación. O bilingüismo que xuzgamos hasta certo punto inoperante sobre o sistema lingüístico mentras estivo reducido ás élites gobernantes, esténdese agora á un número meirande de xentes.

As novas xeneracións tratan de superar o vivir tradicional, do que fan menos, no seu conxunto. Ven a súa liberación en todo o que a nova lingua sinifica, portadora de formas de vida universales<sup>10</sup> e prestixiadas. Tratan polo tanto de aprendela. Emigran fora do país. Arremuíñanse nas vilas. A lingua oficial deste xeito vai ganando como lingua común tódolos centros de cultura e administración que se van multiplicando, e chega ás familias burguesas.

E verdá que este bilingüismo non é tan radical en principio coma o primeiro. No caso do bilingüismo minoritario tratábase de xente con firme voluntá de falar a lingua oficial, ben dotada social e intelectualmente por outro lado, que podía, polo tanto, reproducila con gran fieldá. Neste segundo caso, os que fan uso dela, aínda<sup>11</sup> que non lles marre a voluntá, veñen dunha categoría social inferior. Xente sin cultura, non chegan á assimilar a estrutura do castellano<sup>12</sup> e nace así unha lingua «criolla», bautizada co nome de «castrapo».

<sup>5</sup> Corpos. Este teatro pasaba das vilas] Corpos e que pasaban das. 1ª copia.

<sup>6</sup> reducido] reducidas. 1ª copia.

<sup>7</sup> figuras] firas. 1ª copia. Neste caso o A. corrixe unha errata mecanográfica.

<sup>8</sup> Unha] Gran. 1ª copia.

<sup>9</sup> mázcara, nacen entón.] mázcara e quizaves camello. 1ª copia.

<sup>10</sup> universals] universales. 1ª copia.

<sup>11</sup> uso dela aínda] da lingua oficial, inda. 1ª copia.

<sup>12</sup> do castellano] da nova lingua. 1ª copia.

O movemento<sup>13</sup> non se estancou, e, ó subir o nivel económico e cultural das nosas aldeas, gracias ós tempos e ós emigrados, o bilingüismo avanza tamén na súa forma máis radical. Síntese nos nosos días, cada vez<sup>14</sup> máis, a necesidá do castellano, visto que o galego, pese ó rexurdir literario, como lingua de civilización<sup>15</sup>, sigue sendo a da vida labrega máis primitiva, superada de día en día. O comercio, a industria, a administración, a escola, a Eirexa, fortalezas sempre da lingua de Castilla, están agora máis presentes e autivas que nunca: Fixéronse donas dos recantos máis escondidos das serras e a súa aución é poderosa porque conta cos recursos todos da nova técnica<sup>16</sup>.

No punto e hora que estamos escribindo todo isto, o castellano é a lingua común de Galicia, a que todos entenden e a que todos falan ben ou mal cando queren ser entendidos por todos. Non cabe cerralos ollos a unha realidá.

Agora<sup>17</sup>, ben. Dende este alto, ¿qué futuro se pode albiscar pra o galego<sup>18</sup>?

Se o proceso non se torce, o primeiro que se deixa prever é o bilingüismo xeneral, no que hoxe vive a gran Galicia emigrada. Cando isto suceda, que será cando Galicia se incorpore á onda de cultura e riqueza do seu tempo, quizaves<sup>19</sup> se opere a lei do retorno, presente sempre nos seus destinos, e que Galicia volva á súa lingua, como vemos que volven os emigrados cunha devoción que nunca sentiran. O que non pode sere é que esta lingua seña a do pasado histórico, a que amamos nos cancioneiros.

Veremos agora por qué.

Os casos de bilingüismo son numerosos e están bastante ben estudiados. Según as circunstancias poden durar máis ou menos e chegar a moi distintos resultados. Se se trata dun bilingüismo total e perfecto, que é o que se dá nas comunidás que chegan á incorporación da cultura do seu tempo, o final é

---

<sup>13</sup> mlovemento] movemento con todo. 1ª copia.

<sup>14</sup> Síntese nos nosos días, cada vez] Síntese cada vez. 1ª copia.

<sup>15</sup> de civilización] do comercio humano. 1ª copia.

<sup>16</sup> técnica] técnica, e o galego non conta máis que co amor de moi poucos e o analfabetismo dos máis. 1ª copia.

<sup>17</sup> Agora] E agora. 1ª copia.

<sup>18</sup> galego] gallego. 1ª copia.

<sup>19</sup> quizaves] eu espero que. 1ª copia.



sempre a absorción da lingua local<sup>20</sup>, con máis ou menos consecuencias lingüísticas, que non cabe determinar, pola lingua común<sup>21</sup>.

O proceso parece vir determinado por dous principios da lingüística xeneral. 1º. O manexo simultáneo de dúas linguas leva a fixar nunha delas as estruturas da outra. 2º. Isto provoca un río de alteracións na lingua local a favor da lingua común (M. Schcherba).

Esto parece estar en contradición co que vemos tódolos días: os galeguismos das nosas xentes que falan en castellano, na fonética, no vocabulario e nas construcións, e as estruturas típicas dos nosos escritores en castellano, tanto as coscentes de Valle Inclán, poño por caso, como as incoscentes de outros moitos, das que se decatan os castellanos nativos. A verdá é que non é así. Os galeguismos incoscentes débense a que o estado de bilingüismo inda non é acabado e os de Valle Inclán exprécense como recursos estéticos. No noso suposto, que queremos manter por amor a Galicia, as consecuencias son as anunciadas. O galego histórico irase desfacendo pouco a pouco. Sin que haxa nada pra remedialo, a nosa lingua preséntase na súa fonte tal como é, chea de variantes, libérrima de estruturas. O que a fala pensa que nunca peca en contra dela, porque as novas estruturas que lle impón son correctas na lingua común. Isto non pasa aínda hoxe, pero pasará co tempo.

A lingua oficial, polo contrario, está defendida polo feito de ser lingua común, hábito renovado desde neno pola escola e a sociedade, o xornal e o documento, a radio e o cine. Os individuos verdadeiramente bilingües non impoñerán nunca ó castellano unha estrutura galega. Facelo significa cultura inferior e están subconscientemente sobre aviso. Frente ó galego, indefenso de normas e cheo de variantes, non hai nada que lles impida usar das estruturas castellanas que a ningún sorprenden. Isto é xa tan verdá que hai moitos libros galegos nos que, aparte o vocabulario, todo o demais é castellano. Ni unha<sup>22</sup> sola estrutura sintáctica galega se atopa neles. O<sup>23</sup> mesmo vocabulario non pasa de ser tradución de

---

<sup>20</sup> a absorción da lingua local,] a incorporación da lingua común,. 1ª copia.

<sup>21</sup> lingüísticas, que non cabe determinar, pola lingua común] lingüísticas que non cabe determinar. 1ª copia.

<sup>22</sup> Ni unha] Ni'unha. 1ª copia.

<sup>23</sup> O] E o. 1ª copia.

outra lingua, como é natural que seña<sup>24</sup>. Se o galego é unha lingua rural, e esto é ben certo, as súas palabras hai que enchelas de viño novo sempre que queiramos espresar con elas outras cousas. E isto é unha violencia que pode sufrir unha que outra palabra, pero non toda unha lingua.

¿Acabará, según esto, o galego por fundirse coa lingua común?<sup>25</sup>

As vitorias son sempre á medias. Deixamos dito que as linguas nin nacen nin morren. Cando o galego que hoxe falamos teña pasado, como pasou o latín de San Martiño, é seguro que Galicia vivirá, meirande ca nunca, multiplicada polo mundo adiante, como parece ser o seu sino.

Sin meternos nas consecuencias lingüísticas que leva consigo a asimilación dunha lingua por outra, e que nalgúns casos foi nada menos que a aparición dunha nova lingua, podemos aventurar que a Galicia do futuro, para a que eu gardo tódalas miñas esperanzas<sup>26</sup>, non será unha Galicia muda. A lingua que fale será a súa lingua.

A Galicia que se espalla polo mundo enteiro sin perdelo sentimento da súa unidá patrucial, se un día se esquece da lingua dos vellos labregos non será por desleigamento, senón por un imperativo de futuro. Cando eso suceda xa terá<sup>27</sup> dado a volta ó mundo a canción que estrene a lingua universal e viaxeira da nova Galicia. Ben mirado, non será outra que a que hoxe falamos nin será outra que a que fundiron romanos e nativos ó longo das estradas e corredoiras, porque será a lingua de Galicia que non morre, agromada outra vez e outra vez florecida en nova primavera.

Sabemos que sorprenderá que señan estas as conclusións de quen leva toda a vida escribindo en galego e pensa aínda escribir nesta lingua as palabras verdadeiras que se deixan pra cando maduran os corazóns.

A lealtá con que as pensamos líbranos de todo remordemento.

---

<sup>24</sup> seña.] seña, por outra parte. 1ª copia.

<sup>25</sup> común?] común? Non temos medo nin sentimento en decir que sí, sempre que se entenda que o decimos co meirande amor que se lle pode ter a unha lingua, coa vontade firme de mantela e cultivala como a reliquia máis preciosa da nosa historia, coa esperanza máis firme de que tras ela ha de vir outra coma tras dos solpores ven a aurora. 1ª copia.

<sup>26</sup> esperanzas,] esperanzas, dedicándolle a ésta os meus esforzos,. 1ª copia.

<sup>27</sup> Vid. *infra* n. 28.

O que nos dá congoxa é que poidan ser mal interpretadas. Que pense alguén que o galego xa rematou a súa xornada e que non queda máis por facer que limpar o mundo das dúas arruínas.

Nada máis bárbaro que semellante pensamento. Pra velo non hai máis que trasladalo ás outras creacións históricas, como as obras de arte, os costumes, as creencias. As estruturas románicas están máis fora das leises da costrución de hoxe, teñen ben menos de funcional, son, sobre todo, ben menos galegas que a nosa lingua. Con todo e con eso, non se pensa en arrasar as que os tempos convertiron en arruínas, como é lei de vida, nin moito menos as que aínda siguen en pe. Nunca contaron, polo contrario, coa devoción con que hoxe contan. E cando de levantar unha nova eirexa —de seguir unha tradición—, non se ten unha solución mellor que as que levóu ó seu cume cumprido a Galicia do XII<sup>28</sup>.

Este ten que ser<sup>29</sup> o pensamento que presida a autitú<sup>30</sup> fronte ó galego. Como estaría fora de punto converter o románico en canon da presente e futura costrución galega en xeneral, así o estaría tratar de converter o galego<sup>31</sup> en medio único de espresión da nova e futura Galicia, que non cabe, polo seu ben, nas vellas formas nutricias, e que, lonxe<sup>32</sup> de ser unha reliquia histórica, está en trance de converterse en brillante protagonista de novos destinos.

Pero, detrás desta, queda a Galicia histórica, da que non cabe esquencerse<sup>33</sup> porque sin ela non pode vir outra. E a Galicia histórica cantóu e sufréu en galego, neste galego que morre xenerosamente pra que Galicia viva. Non se pode<sup>34</sup> renunciar ó pasado sin renunciar ó futuro, e a lingua é a sorte máis rica do pasado<sup>35</sup>. O feito de estar nun momento de tránsito, aparentemente de morte,

---

<sup>28</sup> A Galicia que se espalla polo mundo enteiro sin perdelo sentimento da súa unidá patrucial, se un día se esquence da lingua dos vellos labregos non será por desleigamento, senón por un imperativo de futuro. Cando eso suceda xa terá] Este texto está cancelado na segunda copia, pero este foleo o e seguinte están rachados, conservándose só a primeira parte do mesmo; cando se recupera o novo folio, remata coa frase «a Galicia do XII». Non hai datos para decidir onde remata a cancelación e se había ou non outras modificacións; por esta razón, copio enteira a primeira copia.

<sup>29</sup> ser] ser tamén. 1ª copia.

<sup>30</sup> a autitú] a nosa autitú. 1ª copia.

<sup>31</sup> o galego] a nosa lingua. 1ª copia.

<sup>32</sup> nutricias, e que, lonxe] nutricias e lonxe. 1ª copia.

<sup>33</sup> non cabe esquencerse] non debemos esquecernos. 1ª copia.

<sup>34</sup> Non se pode] Non podemos. 1ª copia.

<sup>35</sup> pasado] noso pasado. 1ª copia.

é a mellor razón para sentir todo o que ten de legado pío. Ni unha palabra das que cada día morren nos labios dos vellos<sup>36</sup>, para deixar o seu lugar ás que son vida nos dos mozos, debera quedar sin o seu debido e as súas honras.

Cando en Galicia non se fale o galego da tradición, é seguro<sup>37</sup> que se estudia-  
rá con amor nas universidás<sup>38</sup>. E non haberá outro galego que o que quede  
dunha<sup>39</sup> pobre literatura e o que se adiviñe na lingua que profetizamos<sup>40</sup>.

O que a lingua tradicional de Galicia esteña a punto de transformarse non é  
razón tampouco de que se abandone o seu cultivo tanto no medio familiar como  
nas obras de creación literaria. Así como non se atopa en Galicia unha solución  
mellor pra unha eirexa e pra un prazo que as do románico e o barroco, cando  
románico e barroco son formas caducadas en xeneral, así tamén, pra espresión  
do ser íntimo de Galicia, non hai, hoxe por hoxe, outra lingua que o galego.  
Esto é o que deben pensar ben, sobre todo, os nosos poetas, posto que a poesía  
ama sempre as linguas vellas, e non sin razón. Pra o resto, o proceso é natural<sup>41</sup>.

A misión do verdadeiro poeta ven revelada por unha forza interior que o leva  
a decidir a súa verdá conforme á ditados purísimos, nos que non entra fama nin  
proveito. Esta forza pode manar de moitas fontes, que a vida é longa e ancho é  
o mundo.

As características desta lingua, <o seu ser mesmo>, son as que non cabe deter-  
minar, achegados como está ó porvir<sup>42</sup> <económico social e> político. Unha  
cousa é certa: non cabe esperar un glorioso<sup>43</sup> futuro pra as linguas que<sup>44</sup> non son  
portadoras dun vivir <total superior e independente><sup>45</sup> das xentes que as falan e  
que, polo tanto, están privadas do comercio universal<sup>46</sup>.

<sup>36</sup> nos labios dos vellos] cos nosos vellos. 1ª copia.

<sup>37</sup> é seguro] eu sei de certo. 1ª copia.

<sup>38</sup> nas universidás] nas nosas universidás. 1ª copia.

<sup>39</sup> dunha] da nosa. 1ª copia.

<sup>40</sup> profetizamos] profetizamos. E caerá sobre os galegos outra vergonza máis. 1ª copia.

<sup>41</sup> razón. Pra o resto, o proceso é natural.] razón. 1ª copia.

<sup>42</sup> seu porvir: cancelou *seu*, e ameceu: *das xentes que a(s) falan*, que substituíu por *de Galicia*. Rematou por prescindir deste parágrafo.

<sup>43</sup> glorioso: substituíu a *ningún*.

<sup>44</sup> linguas que] escribira primeiro: *linguas das naciós sin vida realmente propia que*, que cancelou.

<sup>45</sup> dun vivir total superior e independente] substitúe a: *do vivir superior*.

<sup>46</sup> universal] Escribeu e cancelou: *¿Como podemos facer pra poñer neste pe o galego? Faltan moitas circunstancias pra poder supoñer neste pe o galego. Pero longa é a vida*.

O galego está reconocida como unha gran lingua poética. Pero o porvir non é das linguas poéticas, como se viu na vella Grecia e na Edá Media de Europa, senón das que<sup>47</sup> levan no seu seno a vida fervorosa de cada día, as suas loitas, enventos e ideas.

¿Cabralle algún día a sorte<sup>48</sup> ô galego de ser portador de tales novas<sup>49</sup>?

O camiño [e] longo, pero ¿quen sabe?

Sólo o que mane<sup>50</sup> da fonte máis fonda de Galicia virá en galego. Pero, neste caso, non cabe calar a doce voz antiga sin perderse. O ser íntimo de Galicia, como o de calquera outra xente, non se deixa apreixar se non é na maraña da propia lingua. Nela vive entrañado e vivo, mellor que en ningunha outra creación do espírito nacional.

Se non é así, non cabe tampouco finxir esa voz e falar de fala mudada. O poeta ten que ser fiel a sí mesmo. Mal pode escribir en galego quen non refixo esta lingua<sup>51</sup> según as formas vivas da tradición, cando o que escribe pretenda ser expresión pura do seu mundo personal. As linguas adeprendidas nas gramáticas e dicionarios e calcadas sobre outras linguas son medios de expresión sin alma. Prestan o seu servizo, pero non ós poetas.

Despois de anunciar tan cativos destinos ó galego como lingua de cultura e de porvir político, quero rematar aventurando pra ela un gran futuro como lingua da poesía. Penso pra facelo así no día en que das nosas aldeas poidan salir moitos rapaces que cheguen á ser donos dunha cultura verdadeiramente superior. Isto sucederá cando queiran volver á ela como á un recordo amigo, sin que lles encolla o ser o pesadelo de pasadas miserias sin que lles ate o pensamento a superación de tantos problemas coma hoxe aburan as almas.

Daquela oirán de certo os poetas galegos a doce voz antiga. E compriráse o destino desta lingua que nacéu para lingua de cancionero.

Dios nos deixe vir unha Galicia rica, como quería Curros Enríquez, e o demáis irá vindo polo seu pé.

<sup>47</sup> das que] O A. escribira: *das portadoras da*.

<sup>48</sup> a sorte] Escribira: *esta sorte*. Coido que despois de *galego* escribiu *a sorte*, que cancelou por razóns evidentes.

<sup>49</sup> novas] Cancelou o que viña despois: «E quen sabe / E non hai duda /».

<sup>50</sup> mundo (...) Sólo a que mane] mundo. Solo as que manen. 1ª copia. Nestes parágrafos amecidos polo autor a man, poño entre ángulos o amecido polo propio autor na súa primeira redacción.

<sup>51</sup> lingua] lingua desde neno. 1ª copia.